



BANDO

MANUEL PRADO LÓPEZ, ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE BEARIZ
(OURENSE)

INFORMA:

Con motivo da situación actual de contención reforzada contra a transmisión do coronavirus (COVID-19) e seguindo as recomendacións establecidas pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia para evitar os contaxios: O Concello de Beariz cancela ata novo aviso todas as actividades culturais e deportivas dependentes desta corporación.

Asemade, a Biblioteca Pública Municipal, o ximnasio, os centros sociais e a Casa Niño permanecerán pechados ata o próximo 31 de marzo.

Prégase aos veciños que, cando sexa posible, utilicen a plataforma de administración electrónica para os trámites co concello e chamen por teléfono no canto de acudir ás oficinas municipais. O teléfono de contacto é o 988284000, o correo electrónico: alcaldia@beariz.org e a sede electrónica: <https://beariz.sedelectronica.es/info.0>

Recomendacións de o SERGAS

Que debes saber do novo coronavirus?

Os coronavirus son virus que circulan entre os animais. Porén, estes virus tamén poden afectar os humanos.

O novo coronavirus identificouse na China a finais de 2019 e é unha nova cepa que non se vira antes nos seres humanos.

Os **síntomas** máis comúns da enfermidade provocada polo coronavirus (COVID-19) son:

- FEBRE
- TOSE
- SENSACIÓN DE FALTA DE AIRE

TELÉFONO DE INFORMACIÓN PARA A CIDADANÍA

900 400 116



Beariz, 14 de marzo de 2020

Asdo.: Manuel Prado López

(ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE)

